

Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Vista a proposta de designación de asesor/a especialista que, con data 16 de setembro de 2021, formula o Tribunal cualificador das probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico en relacións internacionais da escala técnica de grao medio (subgrupo A2) da Universidade da Coruña, convocadas por Resolución de 20 de agosto de 2018, para colaborar con este tribunal,

Esta Xerencia, en uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020, e tendo en conta o previsto no art. 7º do Decreto 95/1991, de 20 de marzo (DOG do 25 de marzo) que aproba o regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVE:

Nomear asesora do devandito tribunal a María Sol Rios Noya, técnico superior en Normalización Lingüística, co dereito a percibir por este cometido unha gratificación igual a que percibe un vogal deste tribunal por cada sesión.

A Coruña, asinado dixitalmente polo xerente,

Ramón del Valle López